

Os prefixos e os sufixos

A palabra está constituída por unidades menores non autónomas denominadas morfemas, que son as unidades mínimas dotadas de significado. Estas poden dividirse en morfemas léxicos (lexemas) ou morfemas gramaticais. Unha posible clasificación dos morfemas é a seguinte:

1. Morfemas
 - 1.1. Morfemas léxicos
 - 1.2. Morfemas gramaticais
 - 1.2.1. Morfemas flexivos
 - 1.2.2. Morfemas derivativos
 - 1.2.2.1. **PREFIXOS**
 - 1.2.2.2. **SUFIXOS**
 - 1.2.2.2.1. Morfemas alterativos
 - 1.2.2.2.2. Morfemas propiamente derivativos

Neste tema imos centrarnos só nos prefixos e nos sufixos e, máis especialmente, na variedade de significados que poden chegar ás palabras e mais na súa orixe etimolóxica.

Os prefixos

No libro de texto explícase o seguinte sobre os prefixos:

Os prefixos son morfemas derivativos que se antepoñen ao lexema para formar palabras novas, cun novo significado, pero sen alterar a categoría gramatical da palabra que modifican: por exemplo, se ao adxectivo electoral lle engadimos os prefixos pre- (co significado de 'anterioridade') ou post- (co significado de 'posterioridade') teremos as novas palabras preelectoral ('anterior ás eleccións') e postelectoral ('posterior ás eleccións'), que tamén son adxectivos.

Os prefixos máis habituais en galego son cultos, de orixe latina ou grega.

O que máis nos interesa este curso é coñecer, identificar e explicar o significados de prefixos e sufixos cultos, así como morfemas alterativos, dado que os procedementos de formación de palabras son materia de 2º de bacharelato.

Deste xeito, e xa que os prefixos non vai alterar a categoría gramatical das palabras, podemos clasificalos segundo a súa orixe latina ou grega.

Prefixos de orixe latina

- | | |
|---|---|
| ❖ a- ou ad- ('cara a', 'aproximación' ou 'dirección'): <i>aproximar, achegar, afiar, aparvar, agrandar...</i> | ❖ equi- ('igual'): <i>equidistante, equiparar, equivalente...</i> |
| ❖ ambi- ('ambos', 'os dous'): <i>ambivalente, ambidextro...</i> | ❖ in-, im ou i- ('negación' ou 'privación'): <i>incapaz, ilegal, ilexible, impopular...</i> |
| ❖ con-, com- ou co- ('xunto con', 'en compañía'): <i>coexistir, cohipónimo, correlativo, copiloto, contemporáneo...</i> | ❖ omni- ('todo'): <i>omnisciente, onnipotente, omnipresente...</i> |
| ❖ circun- ('arredor'): <i>circunvalación, circunferencia...</i> | ❖ pluri- ('varios'): <i>plurilingüe, pluricelular...</i> |
| ❖ bi- ('dous'): <i>bípede, bisexual...</i> | ❖ multi- ('moitos'): <i>multixogador, multiétnico, multiusos...</i> |
| | ❖ semi- ('medio'): <i>semidesnatado, semicircunferencia...</i> |

- ❖ sub-, su- ou so- ('por debaixo de'): *subterráneo, subalterno, socavar...*
- ❖ tri- (tres): *trimestre, trifásico, tricornio...*

- ❖ ultra- ('máis alá'): *ultratumba, ultradereita...*
- ❖ uni- ('un'): *universo, unicelular, univitelino...*

Prefixos de orixe grega

- ❖ a- ('negación' ou 'privación'): *alegal, anormal, ateo, atípico...*
- ❖ anti- ('contrario a'): *antimanchas, antiheroe, antifascista...*
- ❖ antropo- ('home'): *antropoceno, antropoloxía, antropocentrismo...*
- ❖ cripto- ('oculto'): *criptografía, criptomoeda...*
- ❖ demo- ('pobo'): *democracia, demografía, demoscopia...*
- ❖ etno- ('pobo' ou 'raza'): *etnoloxía, etnicidio, etnografía...*
- ❖ filo- ('amigo de'): *filántropo, filoloxía, filosofía...*
- ❖ fono- ('son', 'voz'): *fonoloxía, fonosimbolismo, fonógrafo...*
- ❖ foto- ('luz'): *fotografía, fotosensible, fotorrealista...*
- ❖ hemi- ('medio'): *hemiciclo, hemisferio, hemistiquio...*
- ❖ hetero- ('diferente'): *heteroxéneo, heterosexual, heterodoxo...*
- ❖ hiper- ('superior'): *hipermercado, hiperactivo, hiperenxebrismo...*
- ❖ hipo- ('inferior'): *hipoglucemia, hipónimo, hipoderma...*
- ❖ homo- ('igual'): *homoxéneo, homosexual, homonimia...*
- ❖ macro- ('maior'): *macroeconomía, macrocelulosa...*
- ❖ micro- ('menor'): *microscopio, microbio, microfilme...*
- ❖ mono- (un): *monosacárido, mononeuronal, monóxido...*
- ❖ orto- ('correcto'): *ortografía, ortodoxo, ortopedia...*
- ❖ poli- ('pluralidade'): *policromía, poliedro, poliéster...*
- ❖ pseudo- ('falso'): *pseudociencia, pseudónimo*
- ❖ psico- ('mente'): *psicoloxía, psicoténico, psicópata...*
- ❖ tecno- ('técnica'): *tecnoloxía, tecnocracia...*
- ❖ sin- ou sim- ('ao mesmo tempo' ou 'en compañía'): *sincronía, sinestesia, sinónimo...*
- ❖ tele- ('a distancia'): *televisión, teléfono, teleobxectivo...*

Os sufixos

Os sufixos son morfemas derivativos que se pospoñen ao lexema para formar palabras novas, ben alterando o seu significado, ben modificando a súa categoría gramatical ou clase de palabra.

Os sufixos alterativos

Os sufixos alterativos son morfemas que matizan o significado da palabra, pero sen chegar a modificalo. Achégannos información sobre o seu tamaño ou sobre a opinión que a ou o falante ten sobre o designado; así, poden ser aumentativos ou diminutivos, se fan referencia ao tamaño, ou afectivos ou despectivos, se implican unha valoración. Estes valores, ademais, poden darse simultaneamente nos mesmos sufixos.

Os morfemas derivativos son ás veces clasificados á parte dos morfemas flexivos e dos derivativos. No libro de texto ofrécese esta clasificación:

- ❖ *Diminutivos*: -iño, -iña, *cunha significación apreciativa e expresiva* (maletiña, avoiño, cerquiña, ata loguiño...); -elo, -ela (cidadela, portela, ruela...); -ello, -ella (cortello, peello, casarello...); -ete, -eta, *cun matiz de afectividade* (banqueta, caseta, mocete, ramallete...).
- ❖ *Aumentativos*: -ón, -ona (zapatón, casona, feirón...); *no caso de -azo, -aza engádese un valor apreciativo* (librazo, festaza, viñazo...). Os aumentativos -ote, -ota *poden ter carácter despectivo e ao mesmo tempo afectivo* (mozote, librote...).
- ❖ *Despectivos*: *hai un grupo de diminutivos que teñen un significado engadido de despectivos*: -acho, -acha (coiracho, riacho...); -allo, -alla, *cun matiz de colectivo* (escumallo, xentalla...); -echo, -echa, *tamén afectivo* (gordecho, bolecha...).

Os sufixos derivativos

Os sufixos derivativos —ás veces simplemente sufixos— son morfemas derivativos que, pospostos ao lexema, alteran o significado ou incluso a categoría da palabra. No libro de texto tedes varios exemplos dos diferentes tipos, pero no cadro seguinte podedes comprobar todos os tipos e casos de derivación posibles a través dos sufixos. Non é preciso sabelos todos de memoria, pero si recoñecer o significado e o cambio de clase de palabra que implican.

Orixinan substantivos			
Palabra base	Valor	Sufixos	Exemplos
substantivo	Colectivos	-ado, -axe, -ame, -dura, -aria, -ario, -eira, -eiro, -menta, -edo	<i>alumnado, follaxe, cordame, dentadura, maquinaria, anecdotario, cachopeira, cancionero, ferramenta, rochedo</i>
	Vexetais	-eira, -eiro, -al, -edo	<i>figueira, limoeiro, carballal, abeledo</i>
	Locativos	-ario, -eiro, -eira	<i>herbario, botelleiro, louseira</i>
	Temporais	-ada, -eira, -ía	<i>alborada, sementeira, inverno</i>
	Profesionais	-eira/-eiro, -aria/-ario, -ista, -aría, -ado	<i>parteira, barbeiro, empresaria, ebanista, notaría, secretariado</i>
	Acción	-ada, -azo	<i>coitelada, cuada, cacadada, carpetazo</i>
	Sistema ou fenómeno	-ismo	<i>consumismo, xornalismo</i>
	Xentilicios	-án/-á, -ano/-ana, -eiro/eira, -és/-esa, -ense, -ego/-ega, -ino/-ina, -ita, -eno/-ena, -oto/-ota	<i>ourensá, asturiano, rianxeira, cambadés, lucense, cervantego, monfortina, moscovita, chileno, miñota</i>
adxectivo	Condición, acción ou calidade	-ada, -dade, -eira, -aría, -ez, -eza, -ía, -iza, -ume, -ura	<i>parvada, desigualdade, coxeira, tolaría, altivez, dureza, ousadía, xustiza, acedume, tristura</i>
verbo	Acción ou efecto	-ada, -ancia, -ción, -enza, -ida, -ido, -mento, -nte	<i>camiñada, abundancia, colaboración, mantenza, ferida, engadido, coñecemento, doente</i>
Orixinan adxectivos			
substantivo	Relativo a / caracterizador	-ado/-ada, -al, -ar, -án/-á, -án/-ana, -ano/-ana, -ico/-ica, -eiro/-eira, -ario/-aria, -oso/-osa, -udo/-uda	<i>dentado, circunstancial, escolar, nugallán, testán, folgazana, académica, mareiro, esteparia, caloroso, fociñado</i>
	Xentilicios	Os mesmos que nos substantivos	
verbo	Axente / Caracterizador	-bel (-ble), -deiro/-deira, -dizo/-diza, -ón/-ona, -dor/-dora, -nte	<i>agradábel, faladeira, esquecedizo, abusón, usurpador, adalgazante</i>
Orixinan verbos			
substantivo		-ar, -ear, -ecer, -izar, -ificar	<i>cegar, cartear, humedecer, escolarizar, pacificar</i>
adxectivo	Parasintéticos	a+-ar, en+-ar, en+-ecer	<i>acariciar, encarrilar, engrandecer</i>
verbo	Repetición	-icar, -iscar, -iñar, -ichar	<i>corricar, uliscar, durmiñar, pedichar</i>